

ORIXES DA FILOSOFÍA: PASO DO MITO AO LOGOS

Dise que a filosofía comezou en Grecia arredor do século VI a. C, cando se abandona a explicación da realidade por medio de mitos e substitúese polo intento de dar unha explicación racional (logos) da realidade. Vexamos cal é o contexto histórico no que se fai posible esta explicación racional=filosofía=logos.

1.- Contexto histórico (Rodeira, Everest)

- a) **Civilización minoica:** ten lugar entre los séculos XXVI y XVI a. C. Así chamada porque o seu fundador foi el rei Minos. Ten o seu centro na illa de Creta e a súa capital foi Cnosos. Caracterizábase por ser unha cultura matriarcal, pacífica e naturalista (as pinturas conservadas non representan escenas guerreiras, senón xardíns, festas, toros, homes áxiles e mulleres estilizadas). Para eles a cor negra simboliza a vida (terra fértil e húmida), a cor branca, a morte (cor dos ósos e da terra desértica, falla de vida). O seu deus máis importante foi unha muller: a Deusa-nai que habita a terra, símbolo da vida e a fertilidade. Esta civilización pacífica e matriarcal foi destruída por unha explosión volcánica (s. XVI a. C.) A súa escritura é o lineal A.
- b) **Civilización micénica:** Comeza coa invasión dos Aqueos (pobos indoeuropeos) s. XX a C. (esplendor: s. XVII - XII a. C) que asimilan algúns elementos da civilización minoica, pero manteñen elementos propios: por exemplo a súa lingua, que é a forma primitiva do grego (lineal B). Así chamada porque Micenas (cidade situada en el Peloponeso) foi a polis máis importante destes invasores chamados "minios". É unha civilización guerreira formada por reinos independentes controlados desde un palacio ou fortaleza por unha casta militar que dominaba varias aldeas. A fusión de ambas culturas provocou conflitos entre divindades, modelos de vida e valores dominantes. A deusa-nai, que habita no interior da terra dos pacíficos minoicos, entra en conflito co patriarcal e dominante Zeus que habita no ceo dos guerreiros micénicos. Deste conflito resulta victorioso o modelo micénico de home guerreiro e culto e a sociedade organizase arredor dos palacios. As historias do pobo Aqueo contra Troia, relatada en la Ilíada, e o regreso á casa do heroe Odisea, relatada en la Odisea, sitúanse a finais da época micénica, anque foron escritas por Homero anos despois (s. VIII a. C, aínda na época escura). A civilización micénica constaba de dúas clases sociais: os aristócratas ou clase superior, que conduce ao pobo en tempos de guerra, e o pobo, dedicado á agricultura y gandería. A civilización caracterizouse polo **ideal aristocrático** de home (aristoi=os mellores). O aristócrata é o que por natureza e de nacemento é o mellor, o bo, o virtuoso, o nobre, pero que durante a súa vida debe ratificar esta excelencia=virtude. Só os aristoi posúen a areté (virtude, excelencia) e por iso só eles podían gozar de éxito, fama, poder, honor. Este modelo aristocrático amosase nos heroes Aquiles, Héctor, Agamenón, Ulises etc. Tamén é característico da civilización micénica a explicación mitolóxica da realidade que será substituída na época arcaica pola explicación racional: "logos"=filosofía.
- c) **Invasión dos dorios:** Tamén indoeuropeos, pero máis militarizados, arrasaron a civilización micénica arredor do s. XII a C. Os micénicos que sobreviviron colonizaron Xonia (costa de Asia Menor), onde posteriormente xurdirá a Filosofía, pero denantes Grecia pasará por unha época escura da que sabemos moi pouco. Sabemos que desaparecen as castas militares gobernantes e os pazos-fortaleza, facendo que as aldeas agrícolas se independicen, pérdese a escritura que estaba ao servizo do pazo e tamén a arte antiga desaparece sendo substituída por decoracións a base de figuras xeométricas.
- d) **A Grecia arcaica (s. VIII-VI a. C.)** Fonda transformación social. As aldeas da época escura fóronse unindo en pequenas comunidades: as polis. Moi lentamente democratízase a vida pública facéndose máis participativa. Aparece un novo tipo de escritura ao adoptar o alfabeto fenicio. Florece o comercio e a moeda. As viaxes traen novos coñecementos técnicos e contactos con outras culturas e formas de vida. Isto fai que o ideal aristocrático quede desfasado porque o comercio esixe certas normas de xustiza e dereito nun plano de

igualdade: imposible dentro da cultura aristocrática. Xurde a poesía e literatura gregas, e finalmente a filosofía (prodúcese o paso do mito ao logos).

2.- Xurdimento da Filosofía: Paso do mito ao logos (Navarro Cordón)

2.1.-Mito: Conxunto de narracións tradicionais dos poetas (Homero e Hesíodo) acerca de toda a realidade: home, mundo, deuses, etc.

Características:

- a) É unha **explicación total**: resposta ás preguntas i enigmas máis acuciantes para o home: orixe do universo, do ser humano, da técnica etc. A filosofía (logos) conservará este trazo do mito, pero substituíndo a explicación divina pola racional.
- b) As **forzas naturais** (lume, vento etc.) son **personificadas nos distintos deuses**
- c) Os fenómenos do universo dependen da **vontade (arbitrio) dos deuses: arbitrariedade**
- d) Nembargantes, existe unha forza que domina incluso sobre os deuses: **o destino** ("moira"). O destino, ao ser algo ao que incluso os deuses están sometidos, opónse á idea de arbitrariedade da vontade dos deuses e establece **certa idea de necesidade** (aquelo que ocorre así e non pode ocorrer doutra maneira). A idea de necesidade que se encerra na de destino será conservada pola filosofía, pero transformada eliminando o seu carácter ilóxico, irracional.

Consecuencias: Os sucesos da natureza e da conducta humana son imprevisibles: suceden de modo **arbitrario**= vontade antolladiza dos deuses. Isto fai **imposible a ciencia e a filosofía**: só é posible cando se supón que hai regularidades, leis necesarias (contrario de arbitrarias: que ocorren sempre así e non poden ocorrer doutra maneira). Pero a arbitrariedade dos sucesos naturais non é total, pois a idea de destino encerra "certa necesidade", anque aínda inexplicable e ilóxica.

2.2.- Logos=explicación racional=filosofía

Prodúcese cando se abandona o mito como explicación e se producen os primeiros intentos de dar unha explicación racional, lóxica, do conxunto da realidade.

Características:

- a) Recolle do mito o feito de ser unha **explicación total**.
- b) As **forzas naturais non se personifican nos deuses**, senón que comezan a considerarse como fenómenos naturais sen máis.
- c) Os fenómenos do universo non dependen da vontade dos deuses, non son arbitrarios, senón que ocorren de forma regular: estacións do ano, movementos dos astros, etc. Por tanto a idea de arbitrariedade é substituída pola **idea de necesidade**: As cousas ocorren así e non poden ocorrer doutra maneira.
- d) Esta idea de necesidade está relacionada coa vella idea de destino, xa presente de forma ilóxica no mito, pero agora explicada de forma lóxica ("logos"=razón). É, por tanto, unha **explicación racional**.

Consecuencias:

O universo concíbese como un "**cosmos**" (en grego=orde) suxeito a leis necesarias, non como un "caos" (desorde). O primeiros filósofos inician un estudio racional da "natureza" (en grego "**physis**"). A natureza ten dous significados en grego: o conxunto das cousas naturais e a forza ou principio do que xorden estas cousas. Anque as cousas naturais aparentemente **cambian** constantemente, comezase a crer que nelas hai tamén algo que non cambia, que **permanece= o ser**. O que permanece a través dos cambios aparentes é a **esencia**: o que a cousa verdadeiramente é, fronte ás aparencias dos sentidos. Suponse que todas as cousas naturais proceden do mesmo principio ou principios (arxé=principio), e por tanto que, anque na natureza parece haber **múltiples** cousas diversas, no fondo todas elas se reducen á **unidade**. Así, os filósofos opinarán que mentres os nosos **sentidos** (vista, oído, olfacto, gusto, tacto) nos ofrecen información "aparente" da natureza (physis) percibida como unha **multiplicidade**

de cousas diversas, a nosa **razón** (logos) descobre que todas elas teñen **unidade** porque todas elas proceden do mesmo principio (arxé) ou principios.

2.3.- Temática dos primeiros filósofos


Así pois, os primeiros filósofos pregúntanse polo principio ou arxé primeiro e último de todo o real (physis ou natureza), pregúntanse polo “un” que é común ao múltiple, pola esencia das cousas que hai baixo as súas aparencias, polo “ser permanente” que hai debaixo de todos os cambios.

Por tanto: **o coñecemento (gnoseoloxía) da realidade (ontoloxía)** ten como obxecto a natureza (physis) e esta aglutina os seguintes pares de contrarios:


-Unidade fronte a multiplicidade


-O permanente fronte ao cambiante

- A esencia (o que unha cousa é= o ser) fronte ás aparencias (o que parece ser). Comezase a entender o **coñecemento humano (gnoseoloxía)** acerca das cousas naturais é un proceso que consta de dous niveis: sentidos e razón ou entendemento. Crese que os sentidos enganan e non abundan para coñecer o que as cousas son verdadeiramente (a súa esencia), senón que é necesario, ademais, un esforzo racional (logos, intelecto) para acadar o verdadeiro ser das cousas. Podemos esquematizar as dúas fontes do coñecemento humano así:



3.- Períodos da filosofía grega





4- Escola xonia o milesia

Trala invasión doria que acabou coa cultura micénica, os superviventes micénicos colonizaron a rexión de Asia Menor á beira do mediterráneo. Una vez transcorridos os séculos escuros, prodúcese una fonda transformación na cultura aristocrática debido ao comercio e á moeda, e este novo florecemento da cultura en Xonia propiciará o nacemento da filosofía. Os filósofos milesios ocupáranse de buscar o principio (arxé) do que xurde toda a natureza=physis, por iso Aristóteles os bautizou como "físicos".

4.1.- Tales de Mileto "o despistado" (S. VI a. C. / 624-546)


Conta Platón na obra "Teeteto" a seguinte anécdota atribuída a Tales: vendo un vella como Tales caeu nun pozo cando ía contemplando as estrelas, esta mofouse del. Nesta anécdota fúndase a crenza (que perdurou ata hoxe ao longo da historia) de que os filósofos andan sempre despistados e tan abstraídos nos seus pensamentos que non deparan nas cousas máis cotiás.

Tales foi filósofo, matemático, astrónomo, político e home práctico.


a) **Filosofía:** busca o primeiro principio (arxé) da physis=natureza e considera que é **a auga**, quizá ao ver que todo se nutre do húmido como fonte de vida. Tamén nas cosmoxías orientais se falaba dun caos acuoso primordial, ao que se refiren Homero i Hesíodo. Para Tales a multiplicidade de seres naturais cambiantes teñen en común que son formas do único elemento material: a auga. A auga é principio, arxé, do que todo procede, a unidade á que se reduce o múltiple.

É o primeiro defensor do "**hilozoísmo**" (hylé=materia; zoon=ser vivo): todas as cousas da natureza están vivas, toda a materia está "animada" (ánima=alma en latín, principio de vida). Isto exprésao Tales na frase: "Todas as cousas están cheas de deuses". Así explicou que o imán ten vida, alma (está animado) por atraer ao ferro.

b) **Cosmoxía:** O cosmos explícao da seguinte maneira: a terra ten forma dun prato oblongo cos bordes un pouco levantados, cuberto pola bóveda das estrelas, e todo isto flota sobre a auga como un navío.



c) **Matemático:** Viaxou a Exipto, onde estudiou xeometría (significa: "medida da terra", inventada polos Exipcios para medir de novo as terras tralas crecidas do Nilo). Xunto con Pitágoras, é o fundador da matemática grega. É o responsable do **teorema que leva o seu nome**: Se




dúas rectas (r e r') son cortadas por varias paralelas, a razón (proporción) dos segmentos resultantes sobre r (AB e BC) é igual á razón (proporción) dos resultantes sobre r' ($A'B'$ e $B'C'$):


$$\frac{AB}{BC} = \frac{A'B'}{B'C'}$$

Outras curiosidades matemáticas:

- Tamén como matemático, asombrou aos exipcios ao **medir a altura das pirámides** utilizando a sombra dun bastón: a altura (A) é o que queremos calcular, e posto que se pode medir a altura (a) do bastón, así coma a sombra que proxecta o bastón (b) e tamén a distancia (B); e dado que a relación que existe entre os catetos de dos triángulos semellantes (ámboos dous teñen os mesmos ángulos) é una proporción, por conseguinte podemos calcular a altura (A) segundo a fórmula proporcional do esquema.



Foi tamén o inventor do **método deductivo**: extrae deducións matemáticas a partir de certas premisas evidentes. Por exemplo:

- Premisa evidente: é evidente que dous diagonais dun rectángulo (é dicir, un cuadrilátero de ángulos rectos) teñen a mesma lonxitude e córtanse en dúas metades. 
- De aí **dedúcese** que todo cuadrilátero con estas propiedades é un rectángulo.
- Por tanto, se trazamos dous diámetros calquera nun círculo con centro en O , estes formarán un rectángulo.
- Se nos quedamos con unha metade do rectángulo, obtemos un triángulo e **deducimos** o seguinte teorema: se C é calquera punto do arco dun semicírculo subtendido polo diámetro AB , entón o ángulo ACB é necesariamente un ángulo recto. 

c) **Astrónomo**: Curiosidades: predicíu un eclipse de sol o 28 de maio do 585 a. C; elaborou tamén un almanaque (calendario); introduciu en Grecia a práctica fenicia de orientarse pola osa menor nas navegacións, e inventou un método para medir a distancia entre dous navíos no mar mediante a suma de triángulos semellantes.

e) **Político**: Herodoto relata que impulsou aos Xonios a unirse nun estado federal.

f) **Home práctico**: Soemos pensar que os filósofos dedícanse a estudar cousas que non serven para nada, pero isto non é certo. Para corroboralo, Aristóteles relata na súa "Política" que Tales, previndo una abundante colleita de olivas, arrendou con antelación tódolos muiños formando un monopolio, e cando chegou a grande colleita volveu a arrendalos aos seus propios propietarios a un prezo moito máis elevado, facéndose rico. Con esta anécdota demostra Aristóteles que a filosofía non é inútil.

A Tales atribúenselle estas palabras ao morrer "Alábote, oh Zeus, porque me achegas a ti. Por ter envellecido non podía ver xa as estrelas sobre a Terra". O seu nome encabeza a "lista dos 7 sabios" que circulaba polo mundo grego e aparece xunto a grandes homes como o lexislador Solón de Atenas e Mirón.

4.2.- Anaximandro (S. VI a. C./ 610-545) "Antecesor da teoría evolucionista"

Era tamén de Mileto e discípulo de Tales. Foi filósofo, precursor do evolucionismo, astrónomo, xeógrafo e como case todos os filósofos presocráticos escribiu unha obra titulada "Sobre a natureza".

a) **Filósofo**: Como filósofo buscou o primeiro principio, o arxé, da natureza (physis). Segundo Anaximandro o arxé non pode ser, como para Tales, algo material concreto, porque se o fose sería só un dos contrarios; a auga= o húmido eliminaría o seu contrario: o seco. Por iso, para el, o arxé ten que ser algo anterior, do que xorden todos os contrarios (húmido-seco; frío-

calor; nacer-morrer; etc.); **este principio é o ápeiron** (a=non; peiron=determinado;) que se traduce por **o indeterminado ou ilimitado**. Cando o indeterminado se converte nas distintas cousas da physis, pasa a ser determinado.

De Anaximandro conservamos o fragmento máis antigo da filosofía occidental: "De onde as cousas teñen a súa orixe, cara aló ten lugar tamén o seu perecer, segundo a necesidade; pois dan xustiza e pago unhas a outras segundo a orde do tempo". Este texto expresa a filosofía de Anaximandro mediante a idea de ciclo cósmico eterno do universo: do ápeiron xorden todas as cousas e a el volverán completando o **ciclo cósmico**. Para Anaximandro o predominio dun dos contrarios en loita equivale a unha inxustiza: o calor comete inxustiza no verán e o frío no inverno; tal inxustiza repárase ao retornar ó ápeiron. Todo o que sucede está suxeito a **unha orde (cosmos) necesaria**, non arbitrario, como di o texto "segundo necesidade". Por iso o restablecemento da igualdade ou xustiza cósmica entre contrarios prodúcese no tempo mediante unha lei cíclica que fai retornar tódalas cousas ao seu primeiro principio: ao ápeiron. **Cosmoloxía:** explica a formación do cosmos da seguinte forma: O ápeiron axitase en movemento eterno ("apocrisis" ou separación clasificatoria) que produce remuíños ("diné" ou movemento arremuíñado) que fan que se separen as cousas (o pesado como a terra e a auga que esta no centro sae despedido cara o exterior e o aire queda en medio) desprendéndose porcións (sepáranse os contrarios) que forman infinitos mundos ou cosmos esféricos limitados. A Terra é un cilindro de pouca altura como un tambor de columna con movemento de rotación e situada no centro do cosmos esférico xunto a outros infinitos cosmos esféricos. Estes mundos nacen e destrúense periodicamente pagando a inxustiza que supón o seu desprendemento do ápeiron (doutrina do eterno retorno que influirá en Nietzsche).

A doutrina do ápeiron é un adianto con respecto á de Tales, porque supera calquera elemento material determinado. Pero os críticos discuten acerca de se é algo só conceptual abstracto ou algo material non concreto quizá precursor da doutrina da **"materia prima" de Aristóteles**.

b) Precursor do evolucionismo: Algúns autores considera que Anaximandro anticipa algunhas ideas do evolucionismo, como a de que os seres vivos precisan de unha adaptación o medio e que o ser humano precisa de un longo período de lactancia sen o cal non podería sobrevivir. Un dato anecdótico é a explicación de Anaximandro acerca da orixe do ser humano: da lama primitiva, mestura de terra e auga, nacen todos os seres vivos, primeiro os mariños e logo os terrestres. Os homes proveñen de unha especie de monstros mariños envoltos en caparazón escamoso, dentro de cada un dos cales había un home. Cando o sol secou unha parte das augas, estes caparazóns quedaron varados na terra, e coa calor estalaron saíndo os primeiros homes e mulleres. Debido a esta explicación algúns historiadores consideran a Anaximandro como antecesor das teorías da evolución do século XIX.

c) Astrónomo: Iniciador de la astronomía grega, pois atribúeselle ter medido as distancias entre as estrelas e o cálculo da súa magnitude.

d) Xeógrafo: Confeccionou un mapa do mundo habitado para a navegación dos milesios polo Mar Negro.


e) Política: participou en política e conduciu unha expedición colonizadora a Apolonia.

4.3.- Anaxímenes (S. VI a. C. /585-524)


Filosofía: Discípulo de Anaximandro e tamén de Mileto. A doutrina filosófica de Anaxímenes supón un retroceso con respecto á de Anaximandro, pois retorna á explicación do arxé como algo material concreto: para el o arxé é o **aire**.

De Anaxímenes conservamos o seguinte fragmento: "Así como a nosa alma, sendo aire, nos mantén unidos, así tamén o alento e o aire circundan todo o cosmos". No texto establece a comparación entre o aire necesario para a vida "animada" do home, co aire necesario para a vida do cosmos. Explicar de qué maneira todo procede do aire non é cousa doada. Para iso utiliza as nocións de **condensación e rarefacción** e explícao así:

"O aire enrarecido tórnase lume; condensado, vento; despois, nubes; logo, aínda máis condensado, auga, terra e pedra, y de aí todo o demais". O aire é invisible, pero faise visible no proceso de condensación e rarefacción. Cando o aire se enrarece ou dilata por acción do calor, convértese en lume; e cando se condensa polo frío convértese en vento, nubes, auga, terra e pedras. Isto é debido a que a condensación enfría o aire e a dilatación quéntao. Anaxímenes cree que unha proba de que esta teoría é certa é a seguinte: cando expelemos o aire coa boca cerrada (condensación) sobre unha man é frío, e quente cando o exhalamos coa boca aberta (rarefacción).



Cosmoxía: A terra, xunto cos demais astros, é un disco plano que flota no aire como unha folla. As estrelas fixas están suxeitas con cravos ardentes.



Meteoroloxía: Fronte ás explicacións mitolóxicas de Homero, quen explica o arco iris como a divina mensaxeira dos deuses, Anaxímenes dá unha explicación cuasi-científica do arco iris.: prodúcese cando os raios de sol caen sobre unha nube espesa que non pode atravesar.

5.- Escola pitagórica (530-496: finais do s. VI a C.)

O seu fundador foi Pitágoras (570-?: s. VI), natural de Samos (Xonia), pero que fuxiu á Magna Grecia (Sur de Italia) por mor das guerras cos persas e da dictadura de Polícrates en Samos.

En Crotona (Magna Grecia) Pitágoras fundou unha comunidade de carácter místico-relixioso, músico-matemático, filosófico e político.

a) **Carácter místico-relixioso:** A comunidade pitagórica tivo un carácter místico-religioso durante a súa primeira etapa. Nesta etapa a escola pitagórica veuse influída polo "orfismo" (seguidores do poeta Orfeo S. VI a. C., que defenden a transmigración da alma: a alma pasa a outro corpo como premio ou castigo polo comportamento anterior, polo que se debe actuar ben para elevarse ás formas superiores de vida: finalidade ética do orfismo). As **ideas fundamentais** desta etapa da escola que **influirán en Platón** e, en parte, no **cristianismo** son a idea da **inmortalidade da alma**, a idea de **purificación** ou liberación da alma con respecto ao corpo que posibilita a súa salvación e a doutrina da reencarnación ou **transmigración das almas** (metempsicosis).

Como anécdota podemos dicir que esta primeira comunidade dos pitagóricos tiña certa semellanza cos mosteiros da Idade Media, na medida en que gardaba certas regras de comportamento, prescribía hábito branco, promovía a austeridade e as prácticas da virtude. Por exemplo, crese que algunhas das regras eran: prohibición de comer carne ou fabas. O historiador antigo Dióxenes Laercio conta a anécdota de que Pitágoras, vendo como alguén golpeaba a un can díxolle que non seguira facéndoo, porque creu recoñecer a voz dun amigo nos xemidos do animal. Isto explicase pola transmigración das almas.

Por tanto, pode dicirse que a **finalidade** principal desta **primeira etapa da Escola era ética**: purificación e salvación inspirada nas doutrinas da inmortalidade, e transmigración da alma.

b) Carácter matemático e músico:

Nunha etapa posterior, os pitagóricos concedéronlle moita importancia ás matemáticas e a música, mais este carácter matemático e músico da segunda etapa está intimamente relacionado co aspecto místico-relixioso da primeira escola. Os pitagóricos consideraban que as matemáticas e a música están relacionadas con la mítica relixiosa, pois serven para purificar a alma: mediante a práctica das matemáticas e a música a alma prepárase para purificase ou liberase do corpo.




Música: Unha das cousas que máis lles impresionou foi que os intervalos musicais das cordas da lira poden expresarse numericamente, matematicamente, pois dependen da lonxitude da parte da corda que vibra ($1/2$ da corda= soa unha oitava máis alta; $2/3$ da corda=unha quinta máis alta etc.). Así pensaron que a harmonía musical depende do número e que o mesmo ocorre coa **harmonía do universo**: tamén o movemento dos astros produce unha música de sons harmónicos (como ocorre cando movemos un corpo velozmente no aire, por exemplo unha vara), só que, segundo eles, os homes non o percibimos por estar habituados a escotar este son desde o nacemento.

Matemáticas: a importancia que lle concederon as matemáticas (o mesmo que a súa concepción da inmortalidade da alma) influiría poderosamente en Platón (quen na porta da súa “Academia” mandou inscribir o seguinte lema: “**Que non entre aquí o que non sexa xeómetra**”) e, a través de Platón, as matemáticas terán forte **influencia na ciencia moderna** (S. XVI-XVIII): con ela producírase un renacemento do pitagorismo e platonismo.


A Pitágoras débémolleslo **teorema que leva o seu nome**: $h^2=c^2+c^2$ e a invención da **táboa de multiplicar**.

Mais hai que salientar que os pitagóricos non entendían os números tal e como os concibimos actualmente (como abstraccións puramente aritméticas), senón que **os números tiñan para eles tamén unha dimensión espacial** (xeométrica). Así consideraban que o 1 é a expresión do punto, o 2 expresa a liña, o 3 a superficie e o 4 o volume. Estes primeiros catro números son os números "ontolóxicos", porque son eles os que forman os entes, as cousas. Por exemplo o 4 é a expresión numérica de todo corpo porque representa todo volume, pero todo volume está tamén composto de puntos, liñas e superficies (1,2,3).


A máis diso, consideraban que o **número 10 é o máis perfecto**, e o número divino, porque resulta da suma dos 4 primeiros números: $1+2+3+4=10$, e representábanos mediante unha figura sagrada que chamaban "tetraktis" (tetra=4; porque por calquera lado que se mire está composta de catro puntos).



Tamén adoitaban representar os números con pedriñas ("cálculos") obtendo así os "**números cadrados**" que son os **números impares** porque conservan sempre unha figura cadrada (limitada), e os "**números rectangulares**" que son os **pares** porque non conservan a forma senón que esta cambia constantemente alongándose continuamente (ilimitada) a medida que engadimos novas liñas.




Números cadrados impares



Números rectangulares pares

Cos últimos pitagóricos, esta mística dos números sufriu un duro golpe ao descubriren que a diagonal dun cadrado é incomensurable cos seus lados: se dividimos "c" en calquera número de unidades iguais, "d" nunca coincide con un número exacto desas unidades, pois $\sqrt{2}$ é un número "irracional". Por



$$d^2=c^2+c^2$$

$$d=\sqrt{2}c^2$$

$$d=c\sqrt{2}$$

$\sqrt{2}$ es un nº irracional


iso **tiveron que admitir a infinita divisibilidade** do espazo. Resultou pois que, se os números non son enteiros senón infinitamente divisibles, deixa de ter sentido que as cousas estean representadas por números (punto, liña, superficie, volume), por iso trataron de manter en segredo este descubrimento. **Zenón utilizará a infinita divisibilidade do espazo para criticar ós pitagóricos** nas súas célebres aporías, **defendendo** así a doutrina do seu mestre **Parménides: o movemento e pluralidade defendidas polos pitagóricos non existen, son ilusións dos sentidos**.

c) Filosofía: A súa filosofía sintetiza as **ideas místico-relixiosas e as matemáticas; ambas influirán decisivamente en Platón**. A alma debe purificarse do corpo e para tal fin serven tamén as matemáticas, pois exercitan a alma (razón) desvinculándoa do corpo (coma cando concentrados resolvemos un problema matemático ou físico, esquecemos o corpo). Consideran que **o arxé** non é o número, senón algo anterior do que os números se compoñen: **o par e o impar**; por iso a súa filosofía é **dualista**. E, dado que engadindo a unidade a un número impar obtemos un par e viceversa, consideran que **o 1 é asemade par e impar**.

e) Cosmoxía: Máis anecdótico é a súa explicación da orixe do cosmos e a súa estrutura.

Formación: Na orixe había un "pneuma ilimitado" (reúne as ideas de Anaxímenes: aire ou pneuma+Anaximandro: ápeiron ou ilimitado) en movemento eterno que é o "ser" ou realidade e que está **rodeado de espacia baleiro**. O cosmos é unha esfera vivinte dotado de respiración que se forma inhalando o pneuma ilimitado e o baleiro; desta forma, a partires da unidade orixinaria formada polo pneuma ilimitado prodúcese a pluralidade das cousas, pois **o espacia baleiro ó mesturarse co pneuma ilimitado, serve para separar e limitar as cousas situándoas en distintos lugares do espacia**. Cada unha destas cousas é un número. Por tanto, **admiten que o baleiro existe e, anque non teña o mesmo grao de realidade que o ser (pneuma ilimitado)**, serve para que se forme a pluralidade a partires da unidade.

Estructura: O cosmos é unha esfera en cuxo centro hai un lume orixinario e arredor del móvense 10 corpos celestes (número sagrado). Encomezando polos máis lonxanos temos primeiro as estrelas fixas, logo os 5 planetas coñecidos na época (Saturno, Xúpiter, Marte, Venus, Mercurio), a continuación o sol, que é como unha lente que recolle os raios do lume central, logo a lúa, despois a Terra e, finalmente, a "Antiterra" (planeta hipotético, ideado por eles para completar o número sagrado 10).



Algúns historiadores consideran ós pitagóricos **precursores de Copérnico, por afirmar que a Terra móvese arredor dun "lume central"** malia que este non é o sol.

d) Política: Os pitagóricos posicionáronse en política ao lado da aristocracia, polo que, logo dunha revolta democrática, foron perseguidos polos demócratas e a moitos déuselles morte; Pitágoras tivo que fuxir a Metaponto ("tacón" de Italia).

6.- Heráclito de Éfeso (Finais do s.VI a.C; 544-484) "O escuro"

Naceu en Éfeso (Xonia) de familia nobilísima, non tivo mestre nin escola, foi autodidacta. De carácter altivo y temperamento melancólico viviu solitario, depreciando á plebe e tamén ós personaxes eminentes. Coma a maioría dos presocráticos escribiu un libro titulado "Sobre á natureza" do que conservamos bastantes fragmentos. Polo seu estilo metafórico, denso e moi difícil de entender foi alcumado dende a antigüidade "o escuro". A súa vida solitaria e o costume de escribir moitas sentencias ferintes aseméllano ao filósofo alemán do século XIX, **Nietzsche, en quen influíu poderosamente**. Un exemplo anecdótico destas sentencias é "os médicos, que curtan, queiman, pican e torturan ao enfermo, piden por isto un salario que non merecen".

a) Filosofía: A súa doutrina resúmese en catro ideas: "todo cambia", "loita de contrarios", "o logos universal" e "o lume como arxé".

- A principal idea recóllese na frase que resume a súa filosofía: **"todo flúe, nada permanece"**, é dicir, todas as cousas están en constante cambio= movemento= devir, e nada permanece fixo. Esta idea exemplifícaa Heráclito dicindo que "non podemos entrar dúas veces no mesmo


ría"; pois cando quixesemos facelo a auga sería outra e nós mesmos tamén seríamos outros. Esta idea **influirá poderosamente no "mundo sensible" de Platón.**

- A segunda idea é que todo cambio débese a unha certa **tensión entre contrarios (dialéctica entendida como loita de contrarios)**. Todo o que sucede no mundo é unha loita de forzas contrapostas, por iso di Heráclito "Convén saber que a guerra é común a tódalas cousas e a loita é a xustiza, e que todo se enxendra e morre mediante a loita". A realidade é unha loita entre opostos, unha tensión entre contrarios; pero os contrarios son inseparables: si se separan cométese inxustiza e destruíriase o mundo. Por defender a idea de loita entre opostos, **Hegel (S. XIX)** considerou a Heráclito como inventor da dialéctica entendida como loita de contrarios.

- A terceira idea é que este constante movemento non ocorre ó azar, senón que está suxeito a unha lei natural que Heráclito chama "**logos universal**". É dicir, existe un logos universal ou unha **razón que rexe o cambio do universo**. Esta razón non é en principio a razón dos homes, senón unha especie de razón, medida, ou lei que rexe o universo; máis ben ocorre que a razón humana debe chegar a entender o logos universal e non deixarse guiar só pola súa razón individual. É dicir, que o mundo é de natureza racional e o home debe descubrir esta razón que goberna o universo. Nembargantes, esta razón universal atópase agochada baixo os acontecementos do universo, porque como di Heráclito "a natureza gusta de ocultarse". Os iusnaturalistas posteriores que falan da "lei natural" remítense, en última instancia, a este logos universal de Heráclito.

- Para exemplificar a idea de que todo cambia, a idea de tensión de contrarios e a idea de logos universal, Heráclito utiliza a **metáfora do lume como arxé** ou principio de tódalas cousas. Elixiu o lume porque chispea nun constante movemento; observamos ademais que vive alimentándose de obxectos que vai transformando, cambiando (madeira-cinzas), e, en terceiro lugar, vive só mentres existe combustible para transformar (tensión de opostos), en caso contrario extingúese, destrúese (se non existisen os opostos en loita destruíriase o universo). Por esta razón escribe "O mundo é un eterno lume vivinte, que se acende e se extingue conforme a medida". Por tanto, o lume é o arxé do que todo procede e extingúese "conforme a medida", é dicir, segundo o logos universal. Anque Heráclito considera que o cosmos é eterno, os Estoicos posteriores do período helenístico atribuírállela idea de que cada certo tempo o universo destrúese nunha "conflagración universal" e vólvese a orixinar do lume: é a idea de que no universo prodúcense "**ciclos cósmicos**" xa suxerida por Anaximandro; é a vella idea de que o universo esténdese no tempo entendido como un círculo no que cada punto é á vez principio e fin e que todo é un "**eterno retorno**": **esta idea influirá en Nietzsche.**

Cosmoloxía: O universo non ten unha orixe absoluta e primeira senón que é como un círculo; neste círculo todo parte do lume e todo retorna ó lume. Heráclito fala de unha **vía descendente** a partires do lume e unha **vía ascendente** que retorna ó lume; ámbalas dúas forman un círculo. "O lume vive da morte do aire, e o aire da morte do lume; a auga vive da morte da terra e a terra da morte da auga (frg. 76) "Tódalas cousas cámbianse en lume e o lume en tódalas cousas" (frag. 90)



7.- Escola eleática (finais do VI a. C.-principios do V a. C)

Chámase así porque foi fundada na cidade de Elea (Sur de Italia=Magna Grecia). O seu fundador foi Xenófanes, pero o seu representante máis importante é Parménides.

7.1.- Xenófanes de Colofón (Mediados VI-principios do V a C./ 570-475 a. C.)

A súa importancia radica no feito de que parece ter sido o **fundador da Escola**. No seu poema sobre a natureza di que o **arxé de tódalas cousas é a terra** e que os viventes nacen do lama: terra mesturada con auga. Pero na súa teoloxía Xenófanes apunta cara algo que non é material, por iso a súa filosofía é de **tendencia metafísica** (meta=máis aló de; physis=natureza). Xenófanes ridiculiza o antropomorfismo de Homero i Hesíodo e fala do **Un, ou divindade** que está por riba de tódolos deuses e non se asemella en nada ós homes. Deus é un, único, non ten límites i é inmutable. Malia destas ideas, non podemos considerar a Xenófanes claramente monoteísta (un único Deus), pois a súa concepción da divindade presenta **trazos panteístas** (pan=todo; theos=Deus; panteísmo=todo é Deus) xa que **identifica a Deus coa natureza** (terra), o un queda identificado co todo. Non obstante, algúns historiadores consideran que **inicia o camiño cara o coñecemento racional de Deus**.

7.2.- Parménides (Finais do VI -principios do V a. C/ 540-470)

Oriúndo de Elea (Magna Grecia), foi probablemente discípulo de Xenófanes. Parece que primeiro foi pitagórico e logo **enfrentouse** a eles e a **Heráclito**. Escribiu un **poema sobre a natureza** en verso (hexámetros). Consta dunha introducción, unha primeira parte onde enumera dous camiños: o da verdade e o do erro, e unha segunda parte onde enumera un terceiro camiño: o da opinión.

A **introducción** presenta a Parménides sobre un carro arrastrado por cabalos alados, guiados polas Fillas do Sol (luz=verdade), as cales abandonan as moradas da noite, apartándose os veos (tebras=erro) da cabeza. Ao chegar a unha bifurcación na que se separan os camiños da noite e o día, cuxas portas garda a Xustiza Vingadora, esta abre as portas que conducen á morada da deusa que garda a verdade na casa da luz, a cal acolle ao poeta e diríxelle o seu discurso. A **deusa enumera tres camiños: o da verdade** (aletheia): que o ser existe i é imposible que non exista, **o do erro**: que o ser non existe i é necesario que non exista e o **da opinión** (doxa): que o ser existe e non existe á vez.

Na **primeira parte do poema** trátanse os dous primeiros camiños. o **camiño da verdade** é a ontoloxía parmenídea e afirma que **o ser é (existe) e non pode non ser (non existir); o camiño do erro** afirma que o non-ser existe e alude ós pitagóricos que defendían o espacio baleiro, contra os que se sitúa Parménides. A **segunda parte** trata o **camiño da opinión** que afirma que o ser existe e non existe á vez, aludindo a Heráclito, quen admitía a unidade do ser como logos universal pero en constante movemento (ser=logos: permanente; non-ser:cambio). A segunda parte do poema é unha parodia da física dos seus contemporáneos.

Filosofía: Parménides **desbota a testemuña dos sentidos e só considera verdadeiro o dictado da razón (logos)**. Segundo el, o ser existe, pero non como o perciben os sentidos (múltiple, móbil, plural), senón como o concibe a intelixencia, o logos, a razón. Por iso afirma **"ser e pensar son o mesmo"**, querendo dicir que como o non-ser non se pode pensar (logos=razón), entón non existe. Que o non-ser non se pode pensar demostra a partires da afirmación: "o ser é i o non-ser (cambio) non é". O seu razoamento demostrativo utiliza o "método de redución ó absurdo" que aínda hoxe se utiliza na lóxica. Este método consiste en partir dun suposto ou hipótese e razoar ata chegar a unha contradicción ou un "absurdo"; se conseguimos chegar a unha contradicción isto significa que o suposto ou hipótese de partida é falso e que, polo tanto, o seu contrario é verdadeiro. Parménides, para demostrar que "o ser é i o non-ser non é" comeza supoñendo o contrario para ver se chega a unha contradicción lóxica. O contrario é: "supoñamos que algo comece a ser (cambiase = pasase de non-ser a ser)"; e razoa do seguinte xeito: se algo comeza a ser (cambia), unha de dúas: a) ou procede do ser, b) ou procede do non-ser. Se ocorrese a), é dicir, se o ser ven do ser, entón xa é, e por tanto non comeza a ser (contradicción, absurdo). Se ocorrese b), é dicir, se o ser ven do non-ser, entón o ser non é nada porque da nada (non-ser) non pode saír nada (contradicción,

absurdo). Por tanto, partindo do suposto de que o ser comeza (cambia), e razoando as únicas dúas posibilidades a) e b), chegamos polos dous camiños a un absurdo ou contradición. Logo, segundo o método de redución ó absurdo hai que afirmar que ese suposto é falso e que o seu contrario ten que ser verdadeiro **Conclusión: o ser é i o non ser non é.**

Consecuencias deste razoamento lóxico: o cambio e a pluralidade son ilusorios, meras aparencias dos sentidos, mentres que a verdade é o que a razón (logos) testemuña. A filosofía de Parménides é contraria á de Heráclito.

Desta afirmación deduce Parménides as seguintes **características do ser**:

- a) O ser é **un**: pois se houbera dous seres ¿que habería entre eles?: o non-ser. Pero dicir que hai o non-ser é dicir que o non-ser é. Isto é absurdo, contradictorio (contra a razón).
- b) O ser é **eterno**: no ten nacido nin pode perecer, pois nacer é pasar do non-ser ó ser e morrer é pasar do ser ó non-ser. Pero como do non-ser nada pode nacer, logo se existe o ser é que non tivo principio. E o ser tampouco pode pasar ó non-ser, pois dixemos que o non-ser non é (non existe,), isto sería absurdo. Conclusión: o ser no tivo principio nin pode ter fin.
- c) O ser é **inmutable**: toda mutación=cambio (cualitativo ou cuantitativo) é o paso de ser algo a non-ser ese algo, é dicir, o paso do ser ó non-ser. Pero como o non-ser non existe, entón non hai cambio=mutación.
- d) O ser é **inmóbil**: Para que se dera o movemento local tería que existir o espazo baleiro. Pero o espazo baleiro ou é ser ou é non-ser. Si é non-ser, o ser moveríase na nada. Si é ser o ser moveríase dentro de si mesmo, o cal é imposible, absurdo. Logo non pode darse o movemento (contra os pitagóricos i Heráclito).
- e) O ser é **indivisible**: pois se fose divisible estaría dividido polo non-ser ou espazo baleiro, pero dixemos que non existe o non-ser nin o baleiro (contra os pitagóricos).
- f) O ser é **homoxéneo**: é igualmente ser en tódalas súas partes: non é nin raro, nin denso (contra Anaxímenes), pois se ocorre o contrario o ser estaría mesturado co non ser: absurdo.
- g) O ser é **esférico**: é una esfera ben redondeada, chea, compacta, homoxénea en tódalas súas partes.

Conclusión xeral: Parménides parte dun **principio lóxico** (do logos=razón): o **principio de identidade**: unha cousa é idéntica a si mesma ($A=A$, ou ser=ser), por tanto, o ser é ser i non pode non ser, pois violaría o principio de identidade que rexe a nosa razón. Deste principio "lóxico" (do logos ou razón) **extrae unha afirmación ontolóxica** (acerca do existente, do real): só o ser (garantido pola razón, logos) é real e por tanto a testemuña dos sentidos é aparencia, ilusión. Como **consecuencia nega que o movemento e a pluralidade** de seres exista: isto é aparencia dos sentidos. Este razoamento de Parménides, **oposto radicalmente a Heráclito, influiría no mundo das ideas de Platón.**

O problema suscitado por Parménides (temos que negar a existencia do movemento e da pluralidade de seres) será solucionado pola teoría da **analogía del ser** e a teoría da **potencia-acto de Aristóteles**.

7.3.- Zenón de Elea (S. V a. C./ 489-430) "O fermoso" "o dialéctico"

Nacido en Elea, discípulo e defensor da doutrina de Parménides. Escribiu "Discusións", "Contra os físicos", "Sobre a natureza", "Explicación crítica de Empédocles". Foi famoso pola súa fermosura. Interveu en política dando leis á súa patria. O historiador antigo Dióxenes Laercio conta que conspirou contra o tirano Nearco en defensa da liberdade, foi encarcerado e torturado para que confesara o nome dos seus compañeiros de complot; mais cando sentiu que a dor o vencía mordeu a lingua e escupéullela á cara do torturador, morrendo valentemente na tortura. **Aristóteles cualifícao como o inventor da dialéctica** entendida como un razoamento

falso ou falaz. **Hegel (XIX) cre que a dialéctica de Zenón é imperfecta e compáraa coas antinomías de Kant.**

Filosofía: Mediante a **dialéctica**, Zenón dedicouse a **defender a doutrina de Parménides contra os pitagóricos**. A estratexia de Zenón é o **método de redución ó absurdo**: consiste en supor a tese contraria a que el defende e tratar de chegar a unha contradicción (absurdo) mostrando así que a tese da que partiu é insostible por lo cal conclúe afirmando a tese contraria. Seguindo este método ideou argumentos falsos chamados **aporías, paradoxos ou epiqueremas** que levan a contradicións irresolubles cando se parte do suposto de que existe o movemento e a pluralidade defendida polos pitagóricos. Algúns destes paradoxos van dirixidos contra os **primeiros pitagóricos** quen afirman que as cousas están formadas por unidades numéricas indivisibles. Outras diríxense **contra os últimos pitagóricos** quen descubriran a incommensurabilidade dos lados coa diagonal do cadrado (magnitudes incommensurables: $\sqrt{2}$) e, por iso tiveran que admitir a infinita divisibilidade do espacio. Nos seus argumentos, Zenón fai ver que cando se supón a infinita divisibilidade, o movemento e a pluralidade non existen, tal e como afirma o seu mestre Parménides.

Tódolos paradoxos de Zenón utilizan o método de redución ó absurdo e poden dividirse en tres clases:

1.- As dirixidas **contra a divisibilidade e a pluralidade admitida polos pitagóricos**

Extensión ou non extensión das unidades que compoñen a realidade; dirixida contra a pluralidade defendida polos pitagóricos. Razoamento: se, como din os primeiros pitagóricos, **a realidade consta de unidades** (pluralismo), estas terán magnitude ou non. Se a teñen, unha liña será infinitamente divisible pois calquera división seguirá tendo magnitude e será divisible, logo a liña constará dun número infinito de unidades extensas, é dicir, será infinitamente grande; pero deste xeito tódalas cousas do universo serán infinitamente grandes e o propio universo será infinitamente grande. Pola contra, se supoñemos que as unidades non teñen magnitude, entón resultará que tódalas cousas do mundo carecen de magnitude extensa, pois por máis que xuntemos unidades que non teñen magnitude a súa unión tampouco a terá; logo o universo carecerá de magnitude, é dicir, será infinitamente pequeno. Conclusión: é falso supor, como fan os pitagóricos, que a realidade consta de unidades (pluralidade), pois isto lévanos a conclusións absurdas: que o mundo é infinitamente grande ou pequeno. Logo a doutrina de Parménides non é absurda: o ser é un e indivisible, non múltiple.

2.- Os paradoxos dirixidos **contra a doutrina pitagórica da existencia do espacio baleiro**

Se, como fan os pitagóricos, supoñemos que existe un espacio baleiro no que están os seres, este espacio baleiro será a nada ou será algo. Se é a nada entón os seres non poderán estar nel, pois dicir que o ser está no non-ser=nada é absurdo. E, se o espacio é algo, este algo terá que estar tamén nun espacio, i este espacio estará así mesmo noutro espacio e así ata o infinito, o cal é absurdo. Conclusión: afirmar, cos pitagóricos, que os seres están no espacio baleiro leva a conclusións absurdas, logo Parménides ten razón ó **negar a existencia do espacio baleiro**: só o ser é i o non-ser (nada=baleiro) non é.

3.- Paradoxos **contra o movemento: son as máis célebres**

Argumento de Aquiles e a Tartaruga (quizais o máis famoso). O corredor máis veloz, Aquiles, nunca poderá acadar ó corredor máis lento, a tartaruga se lle deixa un paso de vantaxe. Para ilustrar este argumento supoñamos nosoutros que Aquiles corre tras da tartaruga a unha velocidade 10 veces superior á desta e concédelle unha vantaxe de, por exemplo, 10 metros. Cando Aquiles teña percorrido 10 metros a tartaruga terá percorrido dez veces menos, é dicir, 1 metro, cando Aquiles teña percorrido ese metro, a tartaruga terá percorrido 0,1 metros, cando Aquiles teña percorrido ese 0,1 metros, a tartaruga percorreu 0,01 m, cando Aquiles teña percorrido ese 0,01 m., a tartaruga terá percorrido 0,001 e así ata o infinito: logo

Aquiles endexamais acadará á tartaruga, o cal é absurdo; por tanto Parménides ten razón: o movemento non existe.

Aquiles	←	10 metros	→	Tartaruga
10	metros		1	metro
1	metro		0,1	metros
0,1	metros		0,01	metros
0,01	metros		0,001	metros

O paradoxo baséase en que supoñendo a infinita divisibilidade de espacio e tempo (Pitagóricos), para acadar á tartaruga Aquiles ten que percorrer un número infinito de puntos espaciais para o cal precisaríase un número infinito de instantes temporais, o cal é imposible. A confusión está en que anque un espacio ou tempo finitos se poida dividir infinitamente, non por iso son infinitos: o finito pode ser dividido infinitamente: unha división infinita de puntos ou instantes non necesariamente forman un espacio ou tempo infinitos. Solución de Aristóteles: un continuo (espacio ou tempo) pódese dividir infinitamente pero só en potencia, non en acto.

En resumen: A fama de Zenón foi referida por Timón cando alude á "gran forza difícil de abater do bífido". Os paradoxos suscitadas por Zenón deixaron perplexos en máis dunha ocasión os seus oíntes. Quizais a anécdota máis pintoresca sexa a protagonizada por Antístenes: non sabendo como rebater os argumentos contra o movemento, resolveu erguerse e poñerse a andar para demostralo. Probablemente sexa esta a orixe do nosa frase feita "o movemento demostrase andando".

8.- Os Pluralistas

Despois da doutrina de Parménides, cuxas consecuencias son a negación do movemento e a pluralidade, **ningún outro filósofo puido ser xa monista** se pretendía non caer na negación do movemento e a pluralidade. Así pois había que admitir máis dun arxé **para poder afirmar o movemento e a pluralidade**. Por esta razón os pluralistas intentan conciliar a inmutabilidade co cambio (conciliar a Parménides i Heráclito), de aí que se lles chame conciliadores. Porque negan que a physis xurda dun só principio e admiten que a realidade provén dunha pluralidade de principios primixenios que non se xeran nin destrúen senón que se combinan e recombinan, chámaselles pluralistas.

8.1.- Empédocles de Agrigento (Akragas: en Sicilia) (S. V a. C. /ca. 482-430) “os 4 elementos”

De familia nobre, tomou parte na vida política da súa cidade como dirixente do partido demócrata contra a oligarquía. Sobreveu a reacción e foi desterrado marchando probablemente cara o Peloponeso (segundo Timeo). Sobre a súa morte correron fábulas fantásticas como a de que se suicidou guindándose ó volcán Etna para ser considerado coma un deus, pero como apareceu unha das súas sandalias con sóelas de bronce á beira do volcán creuse que non foi así.

Empédocles foi considerado como un home de **personalidade estraña**: por un lado, dedicouse á **ciencia positiva** (físico e médico) e por outro foi considerado un **místico, taumaturgo (mago) e poeta** influenciado pola doutrina relixiosa dos órficos e pitagóricos: purificación da alma, transmigración etc.

Escrebiu dous poemas: a)"Sobre a natureza" e b)"Purificacións". No primeiro trata do problema cosmolóxico de maneira semellante á dos demais presocráticos. O segundo é de estilo máis altisonante, no que se presenta como un taumaturgo ou un deus.

A)Filosofía: A súa actitude consiste en conciliar ou sintetizar as tendencias existentes no seu tempo (xónicos, pitagóricos, eleatas i Heráclito. No seu poema sobre a natureza concibe o ser como eterno e indestrutible formado por **catro elementos ou "raíces": auga (Tales) aire (Anaxímenes) lume (Heráclito) e terra (Xenófanes)** e identifícaos cos deuses: Zeus, Helios ou Hephaistos representa o lume, a divinidade siciliana da auga Nestis ou Hera representan o aire e Aidoneus ou Hades representan a terra. Ó aceptar de Parménides que non é posible nacer do non-ser=nada, **¿como explicar o nacer e morrer, o cambio?** Empédocles entende que nacer no es máis cá **unión ou mestura dos catro elementos e morrer a separación**. Por tanto, acepta tanto a testemuña da razón=logos (Parménides) como a dos sentidos (Heráclito). La idea de que as cousas están formadas por catro elementos será aceptada por Aristóteles e pervivirá en Europa ata que apareza a química moderna no s. XVIII. **¿De onde procede o movemento** que posibilita a unión e separación das catro raíces para formar e destruír os distintos seres? Empédocles recorre á mitoloxía dicindo que existen **dúas forzas eternas e antagónicas: o Amor e o Odio** (ou a Harmonía e a Discordia) concibidas como forzas materiais: atracción e repulsión. A súa concepción non é "teleolóxica" (telos=finalidade) pois o amor e odio non son forzas conscientes dunha finalidade (telos).

Cosmoloxía: O cosmos non tivo unha orixe senón que é un proceso cíclico eterno suxeito a necesidade e este proceso cíclico chamouno o "gran ano", que dura tres veces 10.000 anos= 30.000. As súas fases son:

- a) Predominio do amor (unidade): os elementos permanecen unidos e mesturados dentro do ser (un, inmóvil, esférico etc., como o de Parménides)
- b) Loita do amor e o odio: o odio loita contra o amor e produce a pluralidade dos seres, aunque non se disgregan completamente os elementos porque tamén actúa o amor.
- c) Triunfo da discordia ou odio: tende a producir a desunión de tódalas cousas (acosmia).
- d) Triunfo do amor: Pero o amor (Afrodita) ou forza de atracción non permite que o odio triúne por completo, pois isto produciría a disgregación total, volvendo por tanto a unir os seres.

O cosmos, tal e como o coñecemos nós, está a medio camiño entre a esfera primitiva e a fase total de separación. Ó comezar a formarse a terra a partir da esfera, o primeiro elemento que se separou foi o aire, logo o lume, despois a terra e a auga foi lanzada cara afora pola rapidez coa que xira o mundo.

Gnoseoloxía: Aristóteles di que Empédocles non distingue entre percepción sensible e pensamento. O discípulo de Aristóteles, Teofrasto, recolle a teoría da visión de Empédocles que foi utilizada por Platón no Timeo: a visión prodúcese por unha conxunción de dous elementos: un que emana do noso interior e outro que procede do exterior. Das cousas do exterior emanan uns efluvios que penetran polos poros dos nosos órganos sensoriais cando estes poros teñen o tamaño conveniente. Do interior do ollo procede o lume (o ollo está composto de lume e auga separados por unha membrana de poros pequenísimas que permiten a saída do lume pero impiden a entrada da auga) que sae ó encontro dos efluvios procedentes do exterior e ambos combinados producen a visión. Algo semellante dirán os atomistas.

Médico: practicou a disección anatómica.

Teoloxía: No poema sobre a natureza identifica a deus coa natureza (panteísmo) e rexeita o antropomorfismo (que Deus teña forma humana), coma Xenófanes.

B)En troques, no **segundo poema "Purificacións"** Empédocles non se presenta como simple filósofo, senón coma taumaturgo divino dotado de poderes marabillosos. No poema aparecen elementos característicos do **orfismo e pitagorismo**: preexistencia da alma, pecado, caída do home dende o estado celeste á terra, pesimismo sobre a existencia terrea do home "envolto na túnica do seu corpo", transmigración das almas, purificación, tendencia moral. Aquí fala de deus de maneira distinta que na física: é un concepto máis espiritual: "un espírito sagrado e inefable, que penetra o mundo enteiro co pensamento veloz".

8.2.- Anaxágoras de Clazomene (Asia Menor) (S. V a. C. /500-428) "o nous"

Nacido en Clazómene, anque grego, seguramente foi súbdito persa, pois a cidade fora sometida polos persas. Incluso é posible que chegase a Atenas formando parte do exército persa (na batalla de Salamina), sendo o primeiro filósofo que abriu escola en Atenas frecuentada pola aristocracia. O gran lexislador Pericles foi discípulo e amigo seu, o cal explica que fose acusado polos adversarios políticos de Pericles para danar a este. Foi levado ós tribunais acusado de ser partidario dos persas ("medizar", pois os persas eran chamados "medos") e de impiedade (asebeia en grego) por ensinar que o sol é unha pedra quentada ata o vermello branco e a lúa é de terra (e non deuses, como se cría). Posiblemente foi Pericles quen pagou para que saíra do cárcere e se retirase a Lámpsaco (Xonia), onde fundou unha escola. Os seus concidadáns estimárono tanto que na súa honra erixiron dous altares (un dedicado á verdade e outro á mente=nous) e durante moito tempo o seu aniversario foi día de vacación para os nenos das escolas.

Caracterizouse pola súa despreocupación da patria, sendo **cosmopolita**: ós que lle reprochaban que non lle interesaba a patria contestáballes "a miña patria impórtame moitísimo", sinalando cara o cosmos. Interesouse pola ciencia teórica sen preocupacións morais nin relixiosas nin interese pola actividade práctica. Por iso, para dedicarse ás súas investigacións deixou canto posuía ós seus parentes e cando foi interrogado sobre o obxectivo da súa vida, contestou orgullosamente que vivía "para contemplar o sol, a lúa e o ceo". O historiador antigo Sexto Empírico deulle o alcume de "o físicísimo" e outros chamárono "o nous" (mente, intelixencia). O seu talante científico e antirrelixioso móstrase na impasibilidade coa que recibiu a noticia da morte do seu fillo exclamando "xa sabía eu que enxendrara a un mortal". Escribiu unha obra titulada "Sobre a natureza" da que se conservan bastantes fragmentos. As súas últimas palabras foron: "en todas partes hai a mesma distancia ó Hades".

Filosofía: Pregúntase polo cambio que se produce na asimilación dos alimentos polo corpo; ¿como é posible que do que non é pelo saia pelo e do que non é carne saia carne? E contesta "No manxar que comemos están contidas tódalas cousas". Anaxágoras non cre que existan unicamente catro elementos como afirma Empédocles, senón que son infinitos. Estes **infinitos elementos son "sementes" (spermata)** de tódalas cousas. Estas sementes son cualitativamente distintas entre si e son "infinitas tanto en número coma en pequenez". Por tanto, son infinitamente divisibles (contra os átomos de Demócrito). **Aristóteles chamou a estas sementes das que fala Anaxágoras "homeomerías"** (partes semellantes que predominan nun corpo: nun todo): hai corpos homeómeros como o ouro que se son cortados en dúas partes obtemos anacos de ouro, e corpos anhomeómeros, coma por exemplo un can, que si se é cortado non obtemos dous cans).

O nacemento e a morte non son más cá unión (mestura) e a separación de homeomerías "os helenos non entenden ben o nacemento e a morte, pois nada nace nin morre, senón que se dá unha mestura e separación das cousas que existen". Nos obxectos da experiencia hai homeomerías de tódalas cousas, o que ocorre é que en cada cousa predominan as homeomerías dun tipo; por exemplo, se a herba se converte en carne, é porque na herba hai homeomerías de carne e de tódalas demais cousas, pero na herba predominan as homeomerías

de herba e na carne as de carne. Por iso di Anaxágoras **"todo está en todo"**. Por tanto, o mesmo que para Empédocles, a materia é indestrutible e o cambio explícase pola mestura ou unión de homeomerías para formar os seres e a separación de homeomerías para destruílos. Deste xeito, **acepta a doutrina de Parménides de que o ser existe desde sempre; pero, asemade, Anaxágoras explica o cambio como unión ou separación de homeomerías.**

Ata aquí a filosofía de Anaxágoras non é máis ca unha variante da de Empédocles para solucionar o problema de Parménides. Pero **a importancia de Anaxágoras** débese a que para explicar como comezou o movemento introduce a **noción de "Nous"= mente ou intelixencia ordenadora**. Os seres fórmanse por unión de homeomerías, pero esta unión non se produce de maneira caótica, senón que os seres presentan unha ordenación das partículas elementais con vistas a determinados fins (a pata do animal para correr, o ollo para ver etc.). Por tanto, é necesario supoñer unha causa ordenadora semellante ó plan trazado por unha intelixencia humana, sendo o primeiro filósofo que introduce un principio intelixente ou espiritual, algo así coma unha intelixencia divina separada do mundo e causa da orde do cosmos (unha causa final, precedente do demiúrgo de Platón e do deus aristotélico (o chamado “motor inmóbil” ou “pensamento que se pensa a si mesmo”).

Non obstante, a teoría do Nous foi matizada xa dende a antigüidade: anque Anaxágoras fala dun principio ordenador, aínda non o é claramente, pois tamén di que é algo material ("a máis tenue de todas as cousas") e que ocupa un espacio; ademais, na práctica das súas explicacións no o utiliza como principio ordenador, senón só para dar comezo ó primeiro movemento rotatorio do "torbellino" que pon en movemento a masa orixinaria composta de todos os elementos xuntos. Por iso Platón (na obra Fedón), logo de poñer moitas esperanzas no Nous de Anaxágoras como causa ordenadora, síntese decepcionado ao darse conta de que "non empregaba para nada o Nous. Non lle atribuíu ningún poder causal na ordenación das cousas". Tamén Aristóteles (na obra Metafísica) alaba a Anaxágoras, pero logo dáse conta de que sómente utiliza o Nous como un "deus ex machina" (Deus separado da máquina) para explicar a formación do mundo e unicamente o utiliza cando non ten outra explicación, pois na maioría dos casos atribúe a causa do movemento a calquera cousa antes que ó Nous. Por tanto, en Anaxágoras non está clara aínda a posterior división entre “espírito” e “materia”.

8.3.- Escola atomista (S. V-IV a. C) (C,F, a)

O fundador da Escola parece que foi Leucipo, pero o seu representante máis importante foi Demócrito.

8.3.1.- Leucipo (V a C.): Algúns autores antigos como Epicuro e modernos como E. Rhode y W. Nestle cren que Leucipo nunca existiu. Pero Aristóteles e o seu discípulo Teofrasto afirman que foi o fundador da Escola atomista e parece difícil crer que erraran. Teofrasto afirma que foi discípulo de Parménides e o historiador antigo Dióxenes Laercio di que foi discípulo de Zenón. Parece que debeu nacer probablemente en Mileto, anque algúns din que era de Abdera e outros de Elea. A súa vida debeu desenvolverse durante o século V a. C. e quizais as obras "Gran diakosmos" e "Sobre a mente" que aparecen posteriormente baixo as obras de Demócrito, pertencen a Leucipo. En calquera caso parece que debeu formular as ideas fundamentais da escola e Demócrito perfeccionounas.

8.3.2.- Demócrito de Abdera (S. V-IV a. C./ 460-370) "O risoño" "o despistado"

Foi discípulo de Leucipo, anque viviu en época bastante posterior, pois sobreviviu a Sócrates e foi contemporáneo de Platón, quen, anque coñeceu as súas obras, nunca o nomeou; por iso non é moi exacto clasificalo entre os presocráticos. Foi famoso polo seu sorriso continuo e corre a lenda de que cara a fin da súa vida quitouse os ollos para non rirse de todo. Horacio conta que como home de ciencia que foi era despistado: mentres a súa mente vagaba lonxe, as manadas de gando saqueaban os seus campos pacendo. Quixo recibir a súa herdanza en

metálico gastándoo todo en longas viaxes por Exipto, Caldea, Atenas, etc. Fundou a súa escola en Abdera e foi un escritor moi fecundo (90 obras); conservamos fragmentos das seguintes "Pequeno diacosmos", "Das formas", "Do entendemento", "Do bo ánimo", "Preceptos" etc.

Filosofía: Segundo os atomistas **o arxé, o principio de todo son os átomos** (significado: a=non; tomos: dividir; por tano significa "indivisibles"). Os átomos son infinitos e tan pequenos que **os sentidos non poden percibilos**. Non teñen calidades diferentes: todos son sólidos e impenetrables. **Só difiren en tamaño, forma y posición**. Os atomistas admiten tamén a **existencia do espacio baleiro** no que se moven os átomos. Os pitagóricos admitiran xa o baleiro como non-ser que identificaban co aire atmosférico, e Empédocles mostrou que o aire é corpóreo, e dicir: é ser (unha raíz, ou elemento). Os atomistas, en troques, afirman que o espacio baleiro non é corpóreo pero é tan real coma os corpos, existe, é ser. Segundo Aristóteles, os atomistas parece que crían que os átomos móvense en todas direccións coma as motas de po á luz dun raio de sol, xa que non habería arriba nin abaixo. Nembargantes, posteriormente, os epicúreos asumiron a doutrina atomista pero modificárona asignándolle a calidade do peso ós átomos dicindo que por iso se moven cara abaixo, incorporando así a idea aristotélica das direccións absolutas no espacio: arriba e abaixo.

Temos pois os **átomos, o seu movemento e o espacio baleiro** no que se moven. ¿Como se forman os corpos? Houbo un intre no que se produciron choques entre os átomos facendo que os átomos adquirisen diversas formas: picudas, ganchudas, alongadas etc. Deste xeito uns trábanse cos outros agrupándose e dando lugar a un torbellino (como tamén afirma Anaxágoras) comezando así o proceso de formación dos "infinitos mundos". O movemento do torbellino no baleiro fai que os átomos de tamaños e formas semellantes se reúnan igual que "as olas do mar van amontoando as pedras longas xunto ás longas e as redondas xunto ás redondas". Desta maneira formáronse os catro elementos: aire, auga, terra, lume (de Empédocles). **Os corpos nacen por agregación de átomos e destrúense por disgregación, pero os átomos mesmos son inalterables e indestructibles**. Por tanto, tódolos corpos compóñense dos mesmos elementos, pero **cada corpo distínguese pola súa forma e pola orde e posición dos átomos**. Aristóteles ilustra esta idea dos atomistas comparando os átomos coas letras do alfabeto: os átomos distínguese pola súa forma igual que as letras A e N se distinguen pola súa forma; tamén ocorre cos átomos o que coas letras AN e NA, que se distinguen pola súa orde e, por último, tamén os átomos se distinguen pola posición igual que as letras H e I se distinguen pola súa posición.

Os atomistas cren que non se necesita supoñer **ningunha forza motriz ou "causa eficiente" do movemento** primordial; polo tanto non falan nin das forzas de amor e odio de Empédocles, nin do nous de Anaxágoras. Para os atomistas non existe o azar nin a fortuna, os choques e unións entre átomos prodúcense por necesidade cega (sen intervención dunha intelixencia ordenadora coma o nous ou o "motor inmóbil" de Aristóteles): **todo sucede por necesidade debido a un movemento puramente mecánico** ("automatón": automático), debido a unha lei fixa e necesaria: "Nada acontece sen razón, antes ben todo acontece por unha razón e por unha necesidade" (Leucipo). Todo o que existe é materia (non espírito) e todo o que sucede está determinado e non existe a liberdade nin a inmortalidade. **Este materialismo mecanicista e o determinismo dos atomistas influirán no nacemento da ciencia moderna (s. XVI-XVIII).**

En resumen: A filosofía atomista é un materialismo mecanicista. O arxé son os infinitos átomos que están en movemento dende a eternidade, e que se moven no espacio baleiro. Non existe ningunha forza ou intelixencia externa que sexa causa do movemento. Todo se reduce a átomos, movemento e baleiro. Todo está determinado e non existe finalidade na natureza.

Teoría do coñecemento: Segundo Demócrito **o movemento dos átomos explica tamén o coñecemento humano**. Demócrito explica as sensacións de modo mecanicista. Xa Empédocles explicara o sentido da vista como efluvios que saen dos obxectos e chegan ós ollos. Demócrito di que toda sensación é un choque dos átomos cos órganos dos cinco sentidos, polo cal toda a sensibilidade se reduce ó tacto: estes efluvios dos que falaba Empédocles son para Demócrito átomos que forman imaxes pequenísimas que os obxectos emiten sen cesar. Estas imaxes entran polos poros dos sentidos e chocan coa **alma que tamén está composta de átomos moi sutís**. Ao atravesar o aire as imaxes defórmanse, por iso os obxectos moi lonxanos non se perciben ben. Tamén a audición se explica de xeito semellante: o corpo que resoa produce unha corrente de átomos que á súa vez provocan un movemento no aire situado entre o obxecto e o oído. E de xeito semellante explicaba as sensacións procedentes dos demais sentidos. Por tanto, a sensación sonora que o suxeito ten non é máis ca un movemento de átomos; as cores tamén se deben ó movemento dos átomos e a sensación de calor é só un movemento rápido de átomos. Por iso Demócrito distingue dous tipos de calidades:

- a) **calidades secundarias** (sabor, olor, color) que non están realmente no obxecto, senón que **só existen no suxeito**, pois prodúcese ó chocar os átomos cos órganos dos sentidos; é dicir, as calidades secundarias non son obxectivas (non son reais, non están no obxecto), senón subxectivas (só existen no suxeito).
- b) **Só b)as calidades primarias son obxectivas, reais**: volume, figura e peso. A distinción entre calidades primarias e secundarias influirá en Galileo e en Descartes cando naza a ciencia na Modernidade.

Por tanto o **coñecemento proporcionado polos sentidos é falso** (opinión: doxa): "en verdade, nada sabemos de nada, antes ben a cada cal a opinión venlle dende fóra". Pero o intelecto, o **"coñecemento intelixible" pode discernir o verdadeiro** máis aló das aparencias dos sentidos: a intelixencia é superior á sensación porque descubre a verdade: o baleiro, os átomos e o seu movemento. Para Demócrito o coñecemento sensible (ou bastardo) e o intelectual (ou lexítimo) son **ambos mecánicos** e, por tanto, entre eles só existe unha diferenza de grao.

Ética: A súa ética ten **pouca relación coa súa física atomista**. Para un materialista coma Demócrito a felicidade estará limitada a esta vida sen recorrer a normas transcendentais nin sancións futuras. A idea central da súa ética é a **felicidade** (eudaimonía) que **consiste no bo estado de ánimo**. O fin do home na vida é acadar a felicidade, o bo ánimo. Demócrito **anticípase a Epicuro** ó dicir que a felicidade consiste en buscar o pracer e evitar a dor. É, pois, **hedonista** (hedoné=pracer), pero este pracer debe ser **regulado pola razón**. Os praceres dos sentidos non son os verdadeiros praceres, senón que **o pracer reside na alma**, no bo estado de ánimo resultante de sopesar as cousas mediante a razón. Hai que seguir o principio de **harmonía e moderación** para conseguir o **equilibrio** corporal e a **tranquilidade da alma**. Esta **calma ou sosego** encóntrase sobre todo nos bens da alma que é o máis divino. Hai que procurar o **dominio de si mesmo** e non aspirar ó inaccesible. É un **precursor da ética cínica, estoica i epicúrea**.

Política: Contrariamente ó que fará logo no período helenístico Epicuro, Demócrito recalcou a **importancia do Estado e da vida política**. As leis son un mal pois limitan a liberdade natural, pero son necesarias para obrigar ós homes a obrar ben. Sen embargo, o sabio non ten necesidade delas e debe vivir libremente; tamén debe dedicarse á investigación científica, por iso non debe ter familia; ademais o matrimonio ao estar baseado en relacións sexuais diminúe o dominio do home sobre si mesmo. **A forma de goberno preferible é a democracia porque deixa máis liberdade**. O sabio non ten patria: é cosmopolita; o **ideal de sabio cosmopolita rexurdirá na filosofía helenística posterior a Aristóteles**.

O problema da ética de Demócrito é que a súa defensa da **liberdade** na ética non encaixa co **determinismo** do seu atomismo físico.

9.- Período antropolóxico

9.1.- Introducción

No século V a. C. prodúcese o **triunfo da democracia de Pericles (462-429) en Atenas**. Aos cidadáns atenienses ábrese a posibilidade de participar na vida política da cidade, para o cal será de **vital importancia a retórica**. **Abandónanse os problemas cosmolóxicos do período anterior** por falla de acordo entre os filósofos e **céntranse agora nos asuntos políticos e éticos**, máis achegados ó home do momento, por iso este período recibe o nome de período antropolóxico.

Mentres que en Esparta domina un réxime militar suxeito á orde, disciplina, eficacia e forza física, en Atenas acádase a democracia, o que implica a igualdade dos cidadáns perante a lei (isonomía). A democracia vaise acadando nun proceso relativamente lento: primeiro no século VII a. C. as leis promulgadas por Dracón poñen límites á aristocracia; logo, no século VI a. C. a constitución de Solón continúa limitando os intereses da aristocracia anque tamén do pobo; no século VI a. C. prodúcese as famosas reformas de Clístenes; a continuación, no **século V a. C. entramos na “Atenas clásica do grande Pericles”**: neste século **os atenienses gañan as guerras contra os persas** (chamados “medos”), as guerras médicas (Batallas de Maratón 490, Salamina 483 contra Jerjes e Platea 482). Esta victoria dos atenienses contra os persas resulta coma unha ratificación divina da democracia que impera en Atenas. Atenas entra nun **período de enorme esplendor**: constrúese o Partenón e fórmase a “Liga de Delos” entre varias polis gregas na que Atenas vai adquirindo máis protagonismo ata converterse en imperialismo.

Cara finais do século V prodúcese a famosa **guerra entre Atenas e Esparta**, a chamada “**Guerra do Peloponeso**” 431-404 (na que quizais participou o mozo Platón) da que **Esparta sae vencedora** na batalla de Egospótamos e **instaura en Atenas o famoso “goberno dos 30 tiranos”** no 403, entre os que había dous parentes de Platón: Critias e Cármides; anque axiña se **restaurou unha democracia corrupta que será a que condene a morte a Sócrates** no 399, sendo esta a **causa de que Platón no se dedique a política senón á filosofía**.

9.2.- Os Sofistas

O termo sofista deriva do grego „sophos“=sabio. Foi usado primeiro en termos eloxiosos no s. V a. C., pero cos sofistas pasou a ser sinónimo de charlatán, embaucador, prestidixitador da palabra; de aí provén tamén o termo „sofisma“: argumento falso.

Os sofistas non se ocupan da natureza ou do cosmos senón do home e os seus problemas máis achegados: os problemas ético-políticos.

Trala victoria sobre os Persas nas guerras médicas, durante a maior parte do século V a. C. Atenas convértese nun centro esplendoroso e rico, ó que acoden os filósofos de todo o mundo grego. Coa chegada da Democracia e a **participación de tódolos cidadáns nos asuntos da polis**, a **oratoria** ou arte da palabra faise imprescindible para triunfar na política e defenderse en asuntos legais. Así as familias nobres atenienses demandaban unha **boa educación** para os seus fillos, aparecendo así os primeiros educadores pagados da historia: os sofistas. Estes foron os inventores da **retórica** ou arte de persuadir, independentemente das razóns aducidas: tratan de convencer, non de demostrar (**separan a ética da política**). A educación sofística constaba de: oratoria y erística (arte da argumentación).

Características xerais dos sofistas:

Son defensores do **relativismo**: nada hai que sexa absoluto nin estable; as cousas son relativas a cada individuo.

Subxectivismo: No existe verdade obxectiva, cada suxeito ten unha opinión tan válida coma outra (Protágoras).

Escepticismo: No podemos coñecer nada con certeza (Gorxias), a verdade non existe.

Indiferentismo moral y relixioso: non hai cousas boas nin malas en si mesmas. En asuntos relixiosos profesan o ateísmo ou o indiferentismo.

Contraposición physis-nomos (natureza-convención): As leis xurídicas da democracia son simples convencións ou acordos acadados polos homes, non teñen fundamento na natureza (physis).

Utilitarismo: utilízanse tódolos medios ó servizo do interese particular.

Frivolidade intelectual: prestidixitadores intelectuais

Venalidade: Vendían caras as súas leccións por diñeiro.

Humanismo: interese polos problemas humanos ético-políticos: problemas prácticos da polis do momento.

Méritos: Perfección da dialéctica (dia-logos= dúas razóns discutindo)

Inventores do concepto de educación (paideia) e saber polifacético (polimathia)

9.2.1.- Protágoras de Abdera (Tracia, cerca do Mar Negro; s. V a C.)

Defende o **subxectivismo e relativismo** ó afirmar que „O home é a medida de tódalas cousas“, querendo dicir con isto que para cada suxeito existe unha verdade distinta, isto significa que non hai unha única verdade universal, senón tantas opinións coma suxeitos; só é posible emitir opinións todas respectables.

Relativismo ético: Protágoras no só se refire ó relativismo do coñecemento (relativismo gnoseolóxico), senón tamén ó relativismo dos valores morais: non existe un ben e unha xustiza fixos e universais; o que a uns lles parece bo a outros paréceslle malo. Contra este relativismo ético enfrontáranse violentamente Sócrates e Platón.

Polo tanto, para Protágoras toda opinión é verdadeira.

9.2.2.- Gorxias de Leontinos (Sicilia, S. V. a C.)

Para Gorxias toda opinión é falsa. Renegou da filosofía e dedicouse á retórica (foi un orador moi brillante) pois para el:

„Non existe nada, se existise o ser non poderíamos coñecelo, e aínda cando puideramos coñecelo, non poderíamos comunica o noso coñecemento“. A este **escepticismo esaxerado** que defende Gorxias tamén se lle chama **nihilismo** (afirmación de que “nada existe; nihil= nada en latín).

9.2.3.- Sofistas de segunda xeración

Trala morte de Pericles, estes sofistas comezaron a deostar o carácter convencional das leis e, por tanto, da democracia (aunque, en xeral, tódolos sofistas aceptaban o carácter convencional das leis). Crían que por enriba das leis convencionais da cidade (constitución) está a „lei suprema da natureza“ (e, por tanto, tamén da „natureza humana“). Esta „natureza humana entendíana como o único inmutable e común ós seres humanos.

Sen embargo, a partires deste mesmo principio algún, coma Antifonte en favor da democracia, opinaba que a maioría das leis son contrarias á natureza humana e pretendía así defender el igualitarismo entre escravos e homes libres. Pero outros, coma Calicles en contra da democracia, crían que, fronte ás leis convencionais da polis creadas para defender ós débiles (a maioría dos cidadáns, en democracia) a natureza afirma o dereito natural do máis forte. Calicles e Trasímaco poñen como exemplos do que é a natureza humana ó neno e ó animal, prescindindo dos elementos culturais adquiridos. Da natureza do neno e do animal deducen que só existen dúas formas “naturais” de comportamento:

A procura do pracer (como fai o neno); e o dominio do máis forte como ocorre entre os animais. Estas dúas ideas influirán na filosofía do alemán Nietzsche no século XIX.

Chama a atención como un mesmo principio (natureza humana) poida ser utilizado para defender doutrinas tan opostas: igualitarismo de Antífote, dominio do máis forte de Calicles e Trasímaco.

10.- Sócrates (470- 339, século V a C.) „Só sei que non sei nada“

Sócrates foi o antagonista máis pertinaz dos sofistas ó rexeitar o relativismo ético dos sofistas. Fronte a eles, Sócrates cría que por enriba das opinións particulares **existe unha verdade única e absoluta**, que pode ser descuberta no interior de cada un.

Aristóteles di de Sócrates que a el se lle deben dous grandes adiantos científicos (en teoría do coñecemento):

A) A invención das definicións universais: A Sócrates chamoulle a atención o carácter constante, permanente das definicións. Por exemplo, o home defínese como „animal racional“ e anque cada home posúe distintas dotes, sen embargo a definición destes animais dotados de razón é aplicable a tódolos homes. O concepto universal ou definición de „home“ posúe carácter constante, permanente: pois aínda que desaparecesen tódolos homes a definición de „home“ como „animal racional“ permanecería idéntica. O mesmo ocorre coas definicións matemáticas: da liña, o círculo etc. Pero Sócrates concentrouse nas **definicións de conceptos morais**: e dicir, trata de responder a preguntas como ¿que é a xustiza?, ¿Qué é o ben? etc.

B) O método de razoamento inductivo: O método de Sócrates baseábase no diálogo. Por exemplo: parábase pola rúa e entaboaaba unha conversación con alguén sobre un concepto, coma o de valentía. O propio Sócrates declarábase ignorante e procuraba mediante preguntas dirixidas ó seu interlocutor que este respondese cunha definición. Logo ía poñendo obxeccións a esta primeira definición porque non recollía tódolos casos posibles de valentía. A continuación o interlocutor perfeccionaba esta definición e así sucesivamente ata acadar a definición universal: aquela que é válida para tódolos casos posibles de valentía. Por tanto, ía dunha definición menos adecuada a outra máis adecuada, ou o que é o mesmo, avanzaba dende casos particulares cara a unha definición universal. Nisto consiste o método **inductivo**. Por iso se pode dicir que Sócrates é o primeiro que **define a ciencia** como saber acerca do **universal** (aplicable a tódolos individuos ou cousas) e **necesario** (o que non pode ser doutra maneira, o que ten que ser necesariamente así). Por o tanto, a filosofía consiste para Sócrates nunha busca colectiva, nun **diálogo**.

Este método inductivo constaba de dúas partes:

Primeiro paso: En primeiro lugar a **IRONÍA**: Comeza Sócrates facendo preguntas que lle fagan descubrir ó interlocutor a súa ignorancia. A persoa que cría estar en posesión do saber, cae na conta de que non sabe nada acurralado polas preguntas de Sócrates. Esta persoa vese así liberada do falso saber ou prexuízos que lle impiden acadar a verdade (de aí a famosa frase de Sócrates: “eu só sei que non sei nada”. A ironía prepara para a maiéutica.

O segundo paso do método inductivo é a **MAIÉUTICA** (ou arte da comadroa: alude ó oficio da súa nai): Consiste en facer preguntas tales que o outro chegue a „dar a luz“ ideas verdadeiras dos conceptos morais con vistas a poder realizar accións xustas.

C) Hai un terceiro adianto que non nomea Aristóteles: O intelectualismo moral. Consiste en afirmar que só pode obrar **ben** o que posúe **saber** do que é o ben. Así pois, Sócrates identifica a virtude (obrar ben) co saber (propio do intelecto que é o que define os conceptos morais). O sabio, o que coñece (mediante o intelecto) a virtude, e o único capaz de actuar de forma virtuosa. Quen actúa con maldade é porque non coñece que é o ben para o home: a felicidade ou eudaimonía. Por tanto, da teoría de Sócrates dedúcese que quen actúa mal debería ingresar nunha escola (para adquirir o saber do que é o ben) e non a un cárcere.

O XUÍZO DE SÓCRATES

Anitos y Melitos acusaron a Sócrates de corromper ós mozos, que realmente era a acusación de fomentar o espírito de crítica nos mozos contra a democracia ateniense, a cal era a realmente corrompida.

No xuízo, Sócrates defendeuse a si mesmo e puido conmutar a pena de morte polo desterro; e incluso os seus amigos tiveron tempo de organizar unha evasión. Sócrates negouse a fuxir afirmando que ía en contra dos seus principios. Pasou as súas últimas horas discutindo cos seus amigos acerca da inmortalidade (relato de Platón no diálogo “Fedón”). Moribundo, despois de beber a cicuta, dixo ó seu amigo: „Critón, debemos un galo a Esculapio; págallelo“ Sócrates pasou á historia como home consecuente cos seus principios ata a morte, a pesares de ser acusado inxustamente.

Sócrates influirá moito no seu discípulo Platón: a súa defensa da verdade obxectiva mediante definicións de conceptos universais morais e a súa oposición ó relativismo ético dos sofistas serán recollidas por Platón, cuxa filosofía xira arredor, ademais, da idea de acadar unha organización política ideal e xusta na que non fose posible a condena inxusta de Sócrates.